

ICARUS

Atrévete a aplicar o teu coñecemento

*Innovación e
coñecemento
aplicado aos retos
da sociedade na
Universidade de
Santiago de
Compostela*

Bases do programa



ICARUS

Atrévete a aplicar o teu coñecemento

Innovación e coñecemento
aplicado aos retos da sociedade
na Universidade de Santiago de
Compostela

Bases do programa




Índice de contidos

1. Información Xeral
2. Requisitos de participación no Programa ICARUS
3. Proceso de inscrición
4. Criterios de avaliación
5. Xurado
6. Premios
7. Requisitos para o pagamento
8. Fases
9. Tratamento de datos persoais
10. Aceptación das bases
11. Imaxe

Anexo: Aplicación práctica do TFG, TFM ou Tese de doutoramento

Bases de participación do programa ICARUS



1. Información xeral

O programa ICARUS é unha iniciativa da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE) co obxectivo de estimular nos estudantes da universidade unha reflexión sobre a aplicación social e económica do coñecemento contido nos seus traballos de fin de grao (TFG), máster (TFM) e Teses de doutoramento. ICARUS está dirixido a toda a comunidade universitaria dos campus de Santiago de Compostela e Lugo e inclúe todas as áreas de coñecemento que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela:

- Artes e Humanidades
- Ciencias Experimentais
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Enxeñaría e Arquitectura

Pódense consultar as áreas de coñecemento na web da USC: <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos>

Estas bases teñen como obxectivo establecer as condicións que deberán cumprir os candidatos deste programa e, de forma adicional, establecer as condicións baixo as que se desenvolverá.

O programa ICARUS é un concurso no que se premiará o enfoque a aplicación social e económica dos traballos resultantes dos TFGs, TFM e Teses de doutoramento, nunha sorte de voo de Ícaro que se atreveu a aplicar o coñecemento e o enxeño para poder chegar máis aló da illa na que estaba confinado.

ICARUS trata de estimular aos estudantes a sacar o seu coñecemento do límite da súa utilidade académica para imaxinar e explorar outras posibilidades.

REFORMULANDO O MITO DE ICARO

“Ginzburg estudia con mestría como o cambio de actitude cara o saber, dende unha actitude temerosa a unha actitude audaz, foi encarnada polas emblemáticas figuras de Prometeo e Ícaro.

Singularmente, a partir do desenvolvemento da ciencia moderna (con Blaise Pascal, Isaac Newton ou Francis Bacon), a interpretación do propio mito de Ícaro irá variando desde o perigo que entraña o coñecemento ata a progresiva valoración positiva da investigación. Iriámonos, por tanto, a unha postura máis cercana ao que ocorre co noso adaxio horaciano Sapere aude (Hor. Ep. 1,2,40), que, desde o “atrévete a ser sabio” ou ter o xuízo correcto para dirimir os actos, derivaría a “atrévete a coñecer”, xa perfectamente descontextualizado da súa intención orixinaria (Ginzburg 1976)

Este cambio da idea do coñecemento, concibido non xa desde o medo e o respecto infundido pola relixión, senón desde a moderna curiosidade científica, proporcionou un punto de inflexión á hora de reinterpretar o propio mito de Ícaro...”

Prof. Dr. Francisco García-Jurado (2020, 10 abril). ¿Atrévete a saber, o a tener juicio? “Sapere aude”. *Reinventar la Antigüedad*. <https://doi.org/10.58079/mvg8>

2. Requisitos de participación no Programa ICARUS

Calquera estudante que desexe presentarse ao programa ICARUS, debe cumprir os seguintes requisitos:

- Realizar a defensa do TFG/TFM/Tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela.
- Que os TFGs/TFMS/Teses de doutoramento estean redactadas en galego, castelán ou inglés, ou calquera outro idioma admitido pola USC para este tipo de traballos académicos.
- A defensa do TFG/TFM/Tese de doutoramento debe terse realizado nos 2 últimos anos académicos (sempre que finalizasen antes do 28/04/2024).
- Soamente serán válidos aqueles traballos que resultasen coa cualificación mínima de APROBADO.

- Non poderán participar aqueles traballos premiados noutras edicións deste programa, nin tampouco os presentados ca mesma formulación en edicións doutros programa xestionados pola AVTE

O incumprimento de calquera destas condicións impide a participación neste programa.

3 Proceso de inscrición

Os aspirantes deben axuntar os seguintes documentos:

- Copia TFGs/TFMs/Teses de doutoramento.
- Documento que resuma a posible aplicación do TFG/TFM/Tese de doutoramento a un uso social e/ou económico, cun máximo de 5 páxinas que se axustará á modelo que atoparán no anexo.
- Fotocopia do DNI.

4. Criterios de avaliación

Cun máximo de 80 puntos se valorarán de forma preferente os seguintes criterios:

- Viabilidade e factibilidade do TFG/TFM/Tese de doutoramento: viabilidade técnica, comercial e económico-financeira.
- Grao de innovación do TFG/TFM/Teses de doutoramento.

Os 20 puntos restantes procederán da introdución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) nos TFGs/TFMs/Teses de doutoramento.

5. Xurado

Os TFGs/TFMs/Teses de doutoramento serán avaliados polo comité coordinador do programa ICARUS que actuará como xurado.

Este comité estará composto por representantes da Universidade de Santiago de Compostela e das entidades colaboradoras coa USC.

A súa composición concreta publicarase na páxina web da AVTE:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/valorizacion-transferencia-empredemento>

6. Premios

Repartiranse 20.000€ en premios, distribuídos en 20 premios:

Teses de doutoramento:

- Áreas de coñecemento: **Artes e Humanidades**
Primeiro premio: 1.300€ / Segundo premio: 850€
- Áreas de coñecemento: **Ciencias**
Primeiro premio: 1.300€ / Segundo premio: 850€
- Áreas de coñecemento: **Ciencias da Saúde**
Primeiro premio: 1.300€ / Segundo premio: 850€
- Áreas de coñecemento: **Ciencias Sociais e Xurídicas**
Primeiro premio: 1.300€ / Segundo premio: 850€
- Área de coñecemento: **Enxeñaría e Arquitectura**
Primeiro premio: 1.300€ / Segundo premio: 850€

Adicionalmente o xurado outorgará un premio **accesit** na categoría de tese de doutoramento de 250€.

TFGs/TFMs:

- Áreas de coñecemento: **Artes e Humanidades**
Primeiro premio: 1.100€ / Segundo premio: 650€
- Áreas de coñecemento: **Ciencias**
Primeiro premio: 1.100€ / Segundo premio: 650€
- Áreas de coñecemento: **Ciencias da Saúde**
Primeiro premio: 1.100€ / Segundo premio: 650€
- Área de coñecemento: **Ciencias Sociais e Xurídicas**
Primeiro premio: 1.100€ / Segundo premio: 650€
- Área de coñecemento: **Enxeñaría e Arquitectura**
Primeiro premio: 1.100€ / Segundo premio: 650€

Adicionalmente o xurado outorgará un premio **acesit** na categoría de tfg/tfm de 250€.

7. Requisitos para o pagamento

Os pagamentos realizaranse mediante ingreso en conta. Para efectuar o pagamento, os premiados deberán acreditar o cumprimento das bases e achegar a documentación requirida (Fotocopia do DNI, datos bancarios, dirección, documento de aceptación do premio, etc.)

Os pagos estarán suxeitos aos impostos e retencións legalmente establecidos.

8. Fases

Fase 0: Inscripción

O prazo para realizar a inscrición permanecerá aberto entre o 02/04/2024 e o 28/04/2024, tras a finalización deste, os técnicos da AVTE comprobarán que todos os documentos cumpren con todos os requisitos.

As inscricións realizaranse a través da seguinte ligazón: <https://forms.office.com/e/EdxM32SqBH>

Fase 1: Valoración

O comité de valoración avaliará os traballos seguindo os criterios previamente descritos. Nun prazo de 15 días publicaranse os finalistas na páxina web da AVTE.

Fase 2: Formación

Aqueles proxectos que resulten finalistas accederán á fase de formación, onde lles compartirán contidos relacionados con:

- Presentación do proxecto ante o xurado
- Modelo de negocio

Fase 2: Presentación TFG/TFM/Teses de doutoramento

A presentación do TFG/TFM/Teses de doutoramento configúrase como un encontro no que os finalistas do programa ICARUS defenderán ante o xurado do programa as súas presentacións.

A presentación dos TFGs/TFMs/Teses de doutoramento finalistas terá lugar entre o mes de maio e xuño de 2024. A data definitiva e o formato elixido para as exposicións enviarase directamente aos finalistas.

Dende a organización do programa ICARUS informárase aos finalistas das características da defensa do TFG/TFM/Tese de doutoramento e daráselles a posibilidade de participar nunha xornada formativa na que se lles asesorará coa realización das presentacións.

Fase 3: Entrega de premios

A finais do mes de maio de 2024 terá lugar o evento final, que será debidamente informado aos finalistas para que podan asistir de forma presencial.

9. Tratamento de datos persoais

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a manter a confidencialidade dos datos presentados polos participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e, no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logotipo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integrantes do equipo promotor. Os participantes comprométese a manter a confidencialidade sobre os resultados de investigación da Universidade de Santiago de Compostela postos a súa disposición, sempre e cando non sexan de dominio público.

10. Aceptación das bases

A participación na presente convocatoria implica a aceptación sen excepcións de todas as condicións expostas no presente documento. A interpretación das bases corresponde á organización e as decisións que tome o xurado serán inapelables.

11. Imaxe

Os participantes no programa ICARUS autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

Anexo: Aplicación práctica do TFG, TFM ou Tese de doutoramento

Nome do proxecto.

Área de coñecemento ó que pertence o proxecto:

- Artes e Humanidades
- Ciencias
- Ciencias da Saúde
- Ciencias Sociais e Xurídicas
- Enxeñaría e Arquitectura

Data de finalización.

Cualificación acadada.

Aplicación práctica do teu proxecto (máximo 5 páxinas). Deberán argumentarse na medida do posible e sen superar a máxima extensión indicada, aspectos como:

- Problema técnico e/ou necesidade social que se podería resolver coa aplicación do teu TFG/TFM/TESE
- Descrición da aplicación práctica do teu TFG, TFM, ou Tese de doutoramento. Vantaxes en relación ás alternativas actuais.
- Podería protexerse o coñecemento xerado no teu traballo?
- Cales serían os usuarios ou clientes aos que se dirixe.
- Impacto: medido en número de potenciais usuarios beneficiados, tamaño do mercado, ou outros indicadores que permitan avaliar o alcance da proposta.
- Relación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Presentar este documento en galego, castelán ou inglés **facilitará o proceso de avaliación e evitará erros de tradución.*

ICARUS

Atrévete a aplicar o teu coñecemento

“Ícaro atreveuse a aplicar o coñecemento e o enxeño para poder chegar máis aló da illa na que se estaba confinado. Co programa ICARUS a USC a través da AVTE trata de estimular aos estudantes a sacar o seu coñecemento do límite da súa utilidade académica para imaxinar e explorar outras posibilidades.”



XUNTA
DE GALICIA